Rosa Ana Prada Queipo, secretaria do Concello de Ames (A Coruña)

Certifico: Que a Xunta de Goberno Local, na súa sesión ordinaria celebrada o día 14 de xuño de 2018, adoptou, entre outros, o acordo que copiado é do teor literal seguinte:

"PUNTO SEXTO.- ADXUDICACIÓN DO LOTE Nº3 MÁIS QUE 2.0 (EMPRENDEMENTO XUVENIL) DO PROGRAMA DE FORMACIÓN XUVENIL LIDERA DO CONCELLO DE AMES.

A Xunta de Goberno Local en sesión do día 11 de maio de 2018, realizou a clasificación de ofertas e requirimento de presentación de documentación para adxudicación dos lotes nº 1, nº 2, nº 3, nº 4 e nº 6 do Programa de Formación Xuvenil Lidera do Concello de Ames

O acordo de clasificación de ofertas e requirimento de documentación foi notificado aos licitadores clasificados en primeiro lugar.

En relación ó lote numero 3, Mais que 2.0 (emprendemento xuvenil), a empresa clasificada en primeiro lugar, Norformación SL, achegou a documentación que lle foi requirida.

A Mesa de contratación na súa reunión de 4 de xuño de 2018 considera suficiente a documentación achegada.

Consta no expediente informe de fiscalización favorable da Intervención Municipal (informe 224/2018 de 11 de xuño de 2018).

Visto o que antecede, a Xunta de Goberno Local, previa delegación da Alcaldía (decreto 480/2016), por unanimidade dos seus membros presentes, adopta os seguintes acordos:

Primeiro.- *Adxudicar o Lote nº 3 denominado Máis que 2.0 (emprendemento xuvenil) do Programa de Formación Xuvenil Lidera do Concello de Ames á empresa* ***NORFORMACIÓN S.L****., CIF B-36343218 nas seguintes condicións:*

Oferta económica:

Lote	*Empresa*	*N.º horas estimadas*	*Prezo/hora/ curso*	*Prezo total contrato*
Lote n.º 3 mais que 2.0, emprendemento xuvenil	*Norformación s.l*	*72*	*59,90 €*	*4.312,80 €*

Respectaranse os prezos e demais condicións presentadas pola empresa adxudicataria, así como o resto das características e condicións establecidas no Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e Prescricións Técnicas.

Segundo.- Duración do contrato

Aínda que inicialmente estableceuse nos pregos que a duración inicial do contrato seria de trinta e dous meses sen posibilidade de prórrogas, cumprindo así co establecido no artigo 303 TRLCSP, excepcionalmente e debido aos requirimentos e subsanación de documentación necesaria para a continuación da tramitación do procedemento, o servizo non puido iniciarse no mes previsto (maio), véndose restrasado o inicio do mesmo, non repercutindo no importe económico a percibir pola súa prestación. Nos restantes termos o contrato permanecerá inalterable, rematando a todos os efectos o 31 de decembro de 2020, prestandose nas anualidades 2018, 2019 e 2020.

C.I.F.: P – 1500200 – I

Pz. Do Concello, nº2. Bertamiráns
15220 AMES (A Coruña)
www.concellodeames.gal
Telf: 981 883 002
Fax: 981 883 925

Terceiro.- Resto de condicións

O adxudicatario deberá cumprir coas condicións fixadas nos Pregos de Cláusulas Administrativas Particulares e no Prego de Prescricións Técnicas polo que se rexeu o procedemento, así como coa proposición formulada.

Cuarto.- *Facultar ao señor alcalde, para cantas actuacións de trámite sexan precisas para a mellor execución do acordado."*

E para que conste, aos efectos oportunos, expido a presente co visto e prace do señor alcalde en Ames, dezaoito de xuño de 2018, e coa advertencia de que non foi aprobada aínda a acta da sesión correspondente.

Vº e prace

O alcalde A secretaria

José M. Miñones Conde